



Concello de **OURENSE**

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 14 de agosto de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto nº 2017002712 de 18/04/2017), de data 10 de agosto, refrendado polo Sr. Concelleiro Delegado de Facenda (Decreto nº 2017005215 de 04/08/2017), en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Servizos Xerais, mediante providencia de data 04 de agosto, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 20-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N130.9200.62200	Acondicionamento e mellora edificios municipais	50.000,00 €
TOTAL.....		50.000,00 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
75060	Transf. capital Convenios CCAA	50.000,00 €
TOTAL.....		50.000,00 €

2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17.2.13.11

Título: Acondicionamento e melloras edificio da policía municipal

Importe: 59.965,17 €

Período de execución: Ata 31 de outubro de 2017

Aplicación orzamentaria de gasto:

N130.9200.62200 Acondicionamento e mellora edificios municipais 59.965,17 €

Financiación:

Transf. capital Convenios CCAA (concepto de ingresos 75060): 50.000,00 €

Concello de Ourense (recursos propios): 9.965,17 € (RC núm. 201700027042)

Axente: Xunta de Galicia (S1511001H): 50.000,00 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Sr. Terceiro Tenente Alcalde no exercicio das funcións da Alcaldía en virtude do decreto núm. 2017005209 do 04.08.2017, do que eu, Oficial Maior, dou fe.

O terceiro tenente de alcalde

(P.D. Decreto núm. 2017005209 do 04.08.2017)

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Descarga do documento electrónico na páxina <http://sede.ourense.gob.es> 'Validación do CSV'

CÓDIGO CSV:AXSS14IK29W4J06H

José Araujo Fernández